



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN PARA O VERÁN 2018

APROBACIÓN DAS BASES QUE REXEN O “CAMPAMENTO URBANO 2018”

Vistas as bases que rexen o campamento urbano 2018 nas que se regula a convocatoria pública para as actividades de conciliación nas vacacións de verán 2018 deste concello, que tradicionalmente se ven celebrando para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xenero.

Esta Alcaldía, en cumprimento das facultades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro: Aprobar as bases específicas que regulan estas actividades e que de seguido se transcriben:

“ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN PARA O VERÁN 2018

BASES QUE REXEN O “CAMPAMENTO URBANO 2018”

1) **OBXECTO**

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento das actividades de conciliación nas vacacións de verán 2018, para proporcionar unha alternativa de lecer saudable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades de carácter educativo, lúdico e deportivo durante o período de vacacións de verán, concretamente durante os meses de xullo e agosto, dos nenos e nenas, ademáis de contribuír á conciliación da vida familiar e profesional.

2) **DESTINATARIOS**

O “Campamento Urbano 2018”, está dirixido a nenos/as con idades comprendidas entre os 3 (escolarizados) e os 14 anos empadroados no concello.

Excepcionalmente, no suposto de que quedasen prazas vacantes, poderán participar nenos/as con idades comprendidas entre os 3 (escolarizados) e os 14 anos empadroados noutros concellos.

3) **DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO**

Prazas: O número máximo previsto de participantes é de 70 nenos/as.

O Concello reservará un máximo de 4 prazas gratuítas detinadas aos programas de Servizos Sociais e a proposta dos técnicos do dito departamento.

4) **DATA, HORARIOS E DURACIÓN**



Concello de Oza-Cesuras

O “Campamento Urbano 2018” levarase a cabo durante os meses de xullo e agosto de 2018 en horario 7:30 a 15:00 horas (neste horario non se facilitarán alimentos aos menores, polo que, de consideralo preciso, deberán traelos da casa), conforme o seguinte detalle:

- 7:30 horas: apertura da instalación e chegada do primeiro grupo de nenos/as
- 9:00 horas: chegada do segundo grupo de nenos/as e presentación das actividades
- 9:30 horas: inicio das actividades
- 11:15 horas: merenda
- 11:45 horas: continuación das actividades
- 14:00 horas: recollida do primeiro grupo de nenos/as, avaliación e despedida
- 15:00 horas: recollida do segundo grupo de nenos/as, avaliación e despedida

5) LUGAR DE REALIZACIÓN

O “Campamento urbano 2018” desenvolverase principalmente no Pavillón Polideportivo “O Loureiro” sito na parroquia de Salto. Porén, poderán realizarse actividades noutros emprazamentos, así coma excursións (coa correspondente autorización expresa do pai/nai/titor/a)

6) COTA DE PARTICIPACIÓN

A cota de participación, segundo a opción elixida, será a seguinte:

- a) Opción 1 (Horario de 7:30h a 15:00h): 120,00€ por neno/a e mes. Non obstante, os/as nenos/as empadroados/as en Oza-Cesuras terán unha bonificación do 45%, resultando un prezo final de 66,00€/mes. O 2º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 72%, resultando un prezo final de 33,00 €/mes e o 3º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 82%, resultando un prezo final de 21,00€.
- b) Opción 2 (Horario de 7:30h a 14:00h): 105,00€ por neno/a e mes. Non obstante, os/as nenos/as empadroados/as en Oza-Cesuras terán unha bonificación do 45%, resultando un prezo final de 57,00€/mes. O 2º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 72%, resultando un prezo final de 29,00€/mes e o 3º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 82%, resultando un prezo final de 18,00€.
- c) Opción 3 (Horario de 9:00h a 15:00h): 105,00€ por neno/a e mes. Non obstante, os/as nenos/as empadroados/as en Oza-Cesuras terán unha bonificación do 45%, resultando un prezo final de 57,00€/mes. O 2º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 72%, resultando un prezo final de 29,00€/mes e o 3º irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 82%, resultando un prezo final de 18,00€.
- d) Opción 4 (Horario de 9:00h a 14:00h): 85,00€ por neno/a e mes. Non obstante, os/as nenos/as empadroados/as en Oza-Cesuras terán unha bonificación do 45%, resultando un prezo final de 46,00€/mes. O 2º irmán/a empadroado/a terá unha bonificación do 72%, resultando un prezo final de 23,00€/mes e o 3ª irmán/á empadroado/a terá unha bonificación do 82%, resultando un prezo final de 15,00€.

Nos redondeos das porcentaxes de bonificación indicados anteriormente desprezáronse os decimais.

Ao obxecto de garantir a financiación da actividade **únicamente se admitirán as solicitudes de baixa que sexan solicitadas por escrito e presentadas no rexistro xeral do Concello ou mediante correo electrónico dirixido a cultura.deportes@concellodeozacesuras.es ata o**



Concello de Oza-Cesuras

día 31 de xullo de 2018 (incluído) e en ningún caso darán dereito á devolución de cota as solicitudes de inscrición correspondentes a un único mes da actividade (xullo ou agosto).

No suposto de que a solicitude de inscrición se refira aos dous meses da actividade (xullo e agosto), e cando no momento da presentación da solicitude de inscrición se teña efectuado e xustificado o pagamento anticipado das dúas mensualidades (xullo e agosto) a estimación da citada baixa conlevará a devolución da mensualidade correspondente ao segundo mes da mesma (agosto).

As solicitudes de baixa presentadas con posterioridade ao 31 de xullo de 2018 non serán estimadas nin darán á devolución de ningunha cota.

7) FORMA DE PAGO

- Coa solicitude de inscrición deberá achegar obrigatoriamente xustificante bancario de ter aboado a cota á primeira mensualidade da actividade na seguinte conta bancaria titularidade do Concello:

ABANCA ES84 2080 0051 8831 1000 0071

- No suposto de que a inscrición se realice para os dous meses de duración da actividade, a cota correspondente á segunda mensualidade poderá xustificarse co resgardo bancario do ingreso na conta arriba indicada no momento da presentación da solicitude de inscrición ou no seu defecto deberá autorizarse ao concello o seu cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo entre os días 1 e 10 de agosto 2018.

8) LUGAR E PRAZO DE INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de inscrición, que se anunciará na web do concello, comezará o día 22 e finalizará o 29 de maio (ambos inclusive).

A solicitude para poder participar nestes campamentos poderá presentarse presencialmente en calqueira dos rexistros administrativos municipais (Lois, 33 – sede Oza- ou Forte Bragade, 1 – sede Cesuras -), cubrindo o formulario dispoñible na web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello (<https://ozadosrios.sedelectronica.es>) achegando á mesma o formulario de solicitude dispoñible na web do concello para a realización deste trámite.

A admisión será por rigorosa orde de inscrición en calqueira dos rexistros municipais indicados de conformidade co establecido na cláusula segunda.

Non obstante, se ao remate do prazo de inscrición e presentación de solicitudes se superase o número mínimo establecido de participantes, poderán admitirse novas solicitudes ate que se cubran o total de prazas previstas.”

Segundo: Efectuar a convocatoria pública do Campamento urbano 2018 de Oza- Cesuras, mediante anuncio que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo